

## TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

**Nome do plan:** Modificación núm. 1 do "Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)"

**Promotor:** ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A.

**Órgano substantivo:** Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais - Vicepresidencia Segunda e Consellería De Economía, Empresa E Innovación

**Expediente:** 2021AAE2624

O día 11.11.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Subdirección Xeral de Enerxía para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da Modificación núm. 1 do "Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)", acompañado da solicitude, o borrador mais o documento inicial estratéxico presentados polo promotor.

Unha vez avaliada a documentación e considerando que:

1. A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. O artigo 22.1.e) da LOT sinala que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans cando así o determine o órgano ambiental por solicitude da persoa promotora.
3. A LOT establece tamén no artigo 54.2 que, antes de formular o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará as administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse nun prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).
4. Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** no portal web deste órgano ambiental por un **prazo de trinta días hábiles** o documento inicial estratéxico e o borrador da Modificación núm. 1 do "Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)".

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal)
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto coas respostas ás consultas realizadas, e farase público no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2021